

"Pensando nelas"

Vinte poemas de autoras galegas recóllense recitados nun CD que celebra os dez anos da presenza da lingua na Universidade do País Vasco

MARÉ . SANTIAGO

Vinte poemas de escritoras galegas como Pura Vázquez, Chus Pato, Luz Pozo ou Ana Romaní recóllense no disco Pensando nelas, un proxecto que recolle a obra de autoras de distintas xeracións promovida polo lectorado de lingua e cultura galegas e polo Centro de Estudos Galegos da Universidade do País Vasco. A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, asistirá hoxe á presentación do CD que se desenvolverá na Casa de Galicia de Vitoria.

A iniciativa de grabar este disco partiu do propio lectorado hai agora seis anos, cando se organizou un recital poético con motivo do Día das Letras Galegas, o 17 de Maio.

Despois desa primeira experiencia xurdiu a idea de materializar nun soporte dixital unha escolma da poesía galega feita por mulleres para achegar a nosa lingua e a nosa cultura ao País Vasco, un dos cometidos dos Centros de Estudos Galegos dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Os poemas están recitados por Pilar Corcuera e Ángela Serna, e van acompañados pola música do grupo vasco de música celta "Sokaire". Pura Vázquez, Xohana Torres, Luz Pozo, Pilar Pallarés, Ana Romaní, Chus Pato, Yolanda Castaño, Xela Arias ou María Xosé Queizán son algunhas das autoras cuxas obras están presentes no disco, co que se conmemora ademais o décimo aniversario da presenza da lingua, a literatura e a cultura galega na Universidade do País Vasco.

No acto de presentación deste traballo estarán presentes, ademais de Marisol López, o vicerreitor de Relacións Institucionais do País Vasco, David Lasagabaster, o decano da Facultade de Filoloxía e responsable do Centro de Estudos Galegos, Joseba Lakarra, a lectora de galego, Isabel Mociño e representantes da Viceconsellería de Política Lingüística do Goberno vasco.

AS PROTAGONISTAS De Pilar Cibeiro a Enma Pedreira

O CD recolle tamén versos de poetas como Pilar Cibeiro, Estíbaliz Espinosa, Marta Dacosta, María do Cebreiro, Helena de Carlos, Isolda Santiago, María Lado, Luísa Villalta, Enma Couceiro e Enma Pedreira.

Galicia-Hoxe, Maré, 11-12-2006